

RESOLUCIÓN DE CONCESIÓN DE OCUPACIÓN DE 411 METROS CADRADOS DE DOMINIO PÚBLICO MARÍTIMO-TERRESTRE CON DESTINO A UN EMISARIO PARA FÁBRICA DE CONSERVAS NO LUGAR DE POSTMARCOS, LOMBA, NO TERMO MUNICIPAL DA POBRA DO CARAMIÑAL (A CORUÑA)

Expediente: A-2026-200-C (CNC10/22/15/0002)

Logo de examinar a solicitude de concesión administrativa de ocupación de 411 metros cadrados de dominio público marítimo-terrestre (DPMT) con destino a un emisario para fábrica de conservas no lugar de Postmarcos, Lomba, no termo municipal da Pobra do Caramiñal (A Coruña), figuran no Servizo do Litoral de Coruña os seguintes:

I. ANTECEDENTES

1. O 06.05.2026 recibíuse da Demarcación de Costas de Galicia, dependente do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, a documentación relativa ao expediente de referencia, para os efectos de continuar coa súa tramitación e posterior resolución, de conformidade co disposto no Real Decreto 394/2025, do 13 de maio, de traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de ordenación e xestión do litoral.

Os datos do expediente son os seguintes:

Solicitante:	Conservas Ría de Arosa, SL
Data da solicitude:	30.10.2009
Obxecto:	Instalación dun emisario submarino para fábrica de conservas
Situación:	Lugar de Postmarcos, Lomba, no termo municipal da Pobra do Caramiñal (A Coruña)
Superficie:	411 m ²

2. Descrición da actuación

Instalación/enterramento dun emisario submarino para fábrica de conservas.

II. TRAMITACIÓN DO EXPEDIENTE

- 1 O 30.10.2009 recibíuse na Demarcación de Costas de Galicia unha solicitude de concesión de dominio público marítimo-terrestre procedente de Augas de Galicia, para a construción dun emisario submarino para dar servizo ás

DIRECCIÓN XERAL DE ENERXÍAS RENOVABLES E CAMBIO CLIMÁTICO
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO
Edificio Administrativo de San Lázaro
15781 Santiago de Compostela
T. 881 999 6587
dxercc.medioambiente@xunta.gal
www.xunta.gal





instalacións da empresa "Conservas Ría de Arosa, SL", na Pobra do Caramiñal (A Coruña).

A solicitude iba acompañada da seguinte documentación:

- "Proxecto de emisario submarino en Lomba, Pobra do Caramiñal", subscrito polo enxeñeiro técnico de obras públicas, David Nacarino Corrales en decembro do 2004.
- "Informe técnico sobre a dilución inicial alcanzada pola condución de desaugadoiro da factoría Conservas Ría de Arosa, SL en Punta Gavoteira, A Pobra do Caramiñal, A Coruña", subscrito polo enxeñeiro de camiños, canais e portos Ángel Colsa Lloreda en abril de 2009.

Inicialmente, a mencionada solicitude tramitouse conxuntamente co expediente de ocupación para as instalacións ás que o emisario pretendía dar servizo (expediente C-1298-A Coruña).

O 04.06.2010 recibíuse na Demarcación de Costas de Galicia unha nova versión do documento "Informe Técnico sobre a dilución inicial alcanzada pola condución de desaugadoiro da factoría Conservas Ría de Arosa, SL en Punta Gavoteira, A Pobra do Caramiñal, A Coruña", asinado polo mesmo profesional no mes de xaneiro do 2010, e co documento "Addenda ao proxecto de planta depuradora: segunda fase. Proceso biolóxico", datado no mes de outubro do 2009.

- 2 O 04.10.2011 recibíuse na Demarcación de Costas de Galicia un oficio de Augas de Galicia no que se da traslado conxuntamente da proposta de autorización de vertido en favor do solicitante, así como da aceptación das condicións impostas ao solicitante. Na proposta, infórmase que dende a Dirección Xeral de Ordenación e Xestión dos Recursos Mariños da Consellería do Mar non se emite informe favorable ao vertido e se comunica a existencia dun banco de moluscos con autorización marisqueira vixente no punto de vertido do emisario.
- 3 O 04.08.2017 a Demarcación de Costas de Galicia emitiu un informe proposta complementario no seno da tramitación do expediente C-1298-A Coruña, no que indica que, respecto á solicitude de concesión para condución de vertidos de augas residuais efectuada o 30.10.2009 por Conservas Arosa, SL, dado que procedería continuar coa tramitación recollida no artigo 156 do Real Decreto 876/2014 do 10 de outubro polo que se regula o Regulamento Xeral de Costas, e que en reunión co solicitante, transmitiu que se atopaban explorando solucións alternativas á execución da antedita condución; polo que se consultou ao solicitante para que, en caso de persistir na solicitude, se tramitase en expediente aparte segundo o artigo 156 do RXC.

O 18.05.2018 recibíuse confirmación do solicitante da súa vontade de persistir na solicitude de concesión para o emisario.





- 4 As actuacións descríbense nos documentos "Proxecto de Emisario Submarino na Lomba, Pobra do Caramiñal (A Coruña)", subscrito polo enxeñeiro técnico de obras públicas David Nacarino Corrales en decembro do 2004 e no "Informe Técnico sobre a dilución inicial alcanzada pola condución de desaugadoiro da factoría Conservas Ría de Arosa, SL en Punta Gavoiteira A Pobra do Caramiñal, A Coruña", redactado por Ticco Ingeniería, SL e subscrito polo enxeñeiro de camiños, canais e portos Ángel Colsa Lloreda en febreiro de 2010, consistentes nas obras para a instalación dun emisario para unha fábrica de conservas, coas seguintes características básicas:

- Instalación e enterramento dun tubo de polietileno cunha lonxitude de 435 m e 110 ml de diámetro, aloxado noutro tubo de 180 ml de diámetro para a súa protección. Este emisario discorrerá 37 m por terreos privados e 398 m por terreos de dominio público marítimo-terrestre. O tubo irá enterrado cun mínimo de 1,5 m por encima da clave, envolto en area na zona terrestre e con ancoraxes de formigón puzolánico na zona marítimo-terrestre. O punto de vertido remata na batimétrica
- Instalación dun difusor de 13 m de lonxitude e 9 boquillas de descarga en terreos de dominio público marítimo-terrestre.

A superficie de dominio público marítimo-terrestre que se prevé ocupar, tendo en conta as características descritas do emisario e a ocupación mínima dun metro de anchura establecida no artigo 184.2 do RXC para elementos de carácter lineal, é de 411 m².

- 5 O 11.08.2023 a Demarcación de Costas de Galicia emitiu o seu informe proposta.

Na proposta se indica que o expediente se tramita conforme ao artigo 156 do Regulamento Xeral de Costas, pero que, non obstante, debido a que a solicitude inicialmente foi tramitada conxuntamente coa concesión para a fábrica de conservas, que foi outorgada pola Resolución do 22 de marzo de 2018, a documentación obxecto desta solicitude de concesión foi obxecto de información pública e informe doutras administracións, seguindo os trámites do artigo 152 do RXC.

Como resultado destes trámites, informouse que non se presentaron alegacións durante o período de información pública, e en canto ás administracións consultadas, o resultado foi o seguinte:

- O Concello da Pobra do Caramiñal non emitiu informe.
- A Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático sinalou con data do 29.11.2004 que a actuación non estaba sometida ao trámite de avaliación ambiental en Galicia, e recolleu medidas a adoptar durante as fases de explotación e abandono das instalacións.
- A Consellería de Presidencia da Xunta de Galicia non emitiu informe.





- A Capitanía Marítima de Vilagarcía de Arousa, con data do 26.11.2004, informou favorablemente por considerar que as actuacións previstas non repercutían sobre a seguridade da navegación.
- A Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos da Xunta de Galicia, con data do 26.01.2005 informou favorablemente a concesión coa condición de que se cumprise a normativa sobre vertidos e obxectivos de calidade das augas.

Infórmase tamén, que durante a tramitación da autorización de vertido por parte de Augas de Galicia, na proposta de resolución dese organismo do 06.09.2011, recollíase informe desfavorable da Dirección Xeral de Ordenación e Xestión dos Recursos Mariños da Consellería do Mar que indicaba que no punto de vertido do emisario se atopa un banco de moluscos que conta con autorización marisqueira vixente; igualmente, na resolución de autorización de vertido, do 11.12.2020 se recollía o mesmo informe desfavorable da Dirección Xeral de Ordenación e Xestión dos Recursos Mariños da Consellería do Mar, polo que desde a Demarcación de Costas se solicitou a Augas de Galicia un informe favorable do mencionado organismo, que non consta recibido.

- 6 As obras afectarán ao espazo de Rede Natura 2000 ZEPA ES0000554 "Corredor migratorio galaico-cantábrico occidental". Aínda que a fábrica e as instalacións anexas se atopan en zona terrestre e fora deste espazo, o tramo final do emisario, cunha lonxitude de aproximadamente 90 m, e o punto de vertido, se atopan dentro dos límites desta Zona de Especial Protección de Aves.
- 7 O Real decreto 79/2019, do 22 de febreiro, polo que se regula o informe de compatibilidade e se establecen os criterios de compatibilidade coas estratexias mariñas, dispón no seu artigo 3.2 que se debe emitir un informe de compatibilidade nos supostos de renovación ou prórroga de, entre outras, da execución de obras ou instalacións nas augas mariñas, o seu leito ou o seu subsolo, ben a colocación ou depósito de materias sobre o leito mariño, así como aos vertidos que se desenvolvan en calquera das cinco demarcacións mariñas. A competencia é da Subdirección General para la Protección del Mar, de la Dirección General de la Costa y el Mar.
- 8 A Subdirección General de Biodiversidad Terrestre y Marina, con data do 18.03.2024 informou que, á vista da documentación e da información dispoñible, considera que a actuación prevista non terá unha afección negativa significativa sobre os valores naturais da ZEPA ES0000554 "Corredor migratorio galaico-cantábrico occidental", sempre que se respecten as seguintes condicións:

«Los trabajos en el medio marino se realizarán con el mar en calma y con corrientes que no favorezcan la dispersión de la turbidez generada.

- Se deberán minimizar las fuentes de luz durante la noche, con las necesarias garantías para la seguridad de las embarcaciones, en caso de emplearse, y tripulación, para evitar el deslumbramiento y la desorientación de las aves marinas y las molestias a las especies acuáticas.





- Tras la finalización de las actuaciones, el promotor deberá asegurarse que el emisario submarino se encuentra en perfectas condiciones operativas que garanticen la adecuada dilución del efluente vertido al medio.
- Se recuerda que, debido a que "el punto de descarga autorizado para la emisión de las aguas industriales residuales depuradas se encuentra próximo a la costa a una profundidad relativamente baja, el vertido deberá evacuarse durante la pleamar y siempre que la profundidad del difusor esté siempre por encima de los 6,60 metros".
- Se deberá contar con un protocolo de actuación que garantice la acción rápida y efectiva en defensa de las aves marinas objeto de conservación de la ZEPA ante un hipotético caso de rotura del emisario y/o vertido accidental.
- Para evitar que los ruidos puedan afectar a cetáceos o tortugas marinas, antes de comenzar las obras proyectadas se realizará una observación previa del entorno de las obras y el puerto, para confirmar que no hay presencia de estas especies. En caso de detectar alguna de estas especies antes o durante la obra, se deberá esperar por lo menos 60 minutos desde el último avistamiento localizado para iniciar o retomar la instalación.
- El promotor de la actividad, dará traslado, en su caso, a esta Subdirección General de cualquier contratiempo que surja en relación con la protección del espacio marino protegido.
- Deberá comunicarse con suficiente antelación a esta Subdirección General la fecha prevista de inicio de las actuaciones, así como la duración estimada de las mismas. Se deberá evitar preferentemente la ventana temporal comprendida en los meses de verano, ya que es el periodo en el que mayor número de ejemplares de pardela balear (en peligro de extinción según el CEEA) se concentran en la zona.
- Se deberá informar a esta Subdirección General de la eventual presencia de cualquier especie considerada exótica invasora en las instalaciones. En tal caso, se deberá aplicar el Real Decreto 630/2013, de 2 de agosto, por el que se regula el Catálogo español de especies exóticas invasoras.
- Se debe garantizar el acceso a las instalaciones a los agentes medioambientales de la Dirección General de Biodiversidad, Bosques y Desertificación del Ministerio para la Transición Ecológica y el Reto Demográfico, cuando lo requieran para la posible realización de inspecciones.
- Se remitirá una copia del plan de vigilancia ambiental definitivo del proyecto que incluya un estudio actualizado de dilución del efluente en el medio receptor, así como de los informes periódicos de seguimiento que se realicen a la Subdirección General de Biodiversidad Terrestre y Marina.
- Las actuaciones para las que se solicita autorización deben desarrollarse de manera que no supongan efectos perjudiciales en el medio marino, por llegada a este de basuras, residuos, vertidos líquidos contaminados o contaminantes de cualquier tipo.
- Se prohíbe realizar vertidos, de cualquier naturaleza, al mar.
- Todas las comunicaciones, gestiones o remisión de documentación relacionada con este asunto deberán ser canalizadas a través del procedimiento de registro correspondiente, indicando el número de referencia





del expediente, para garantizar la trazabilidad y gestión eficiente de la información.

Este informe se emite sin perjuicio de lo que puedan disponer los organismos competentes de la Xunta de Galicia respecto de la conservación del THIC 1160 'Grandes bahías y calas poco profundas' ubicado, según las fuentes consultadas por esta Subdirección General, en las inmediaciones del punto de vertido a que hace referencia el presente informe».

- 9 A Subdirección General para la Protección del Mar, con data do 05.04.2024, emitiu un informe de compatibilidade favorable con condicións. As seguintes prescricións deberán levarse a cabo para que a actuación sexa plenamente compatible co contido da estratexia mariña:

«1. El presente Informe de Compatibilidad se ciñe exclusivamente sobre las infraestructuras ubicadas en el medio marino, y que forman parte de la instalación de Conservas Ría de Arosa, S.L., en este caso, referido a la ocupación de 246,60 m2 de DPMT para la instalación de un emisario submarino de desagüe que dé soporte a la fábrica de conservas de pescados y moluscos.

En todo caso, se recuerda que si en un futuro se derivase la necesidad de ejecución de nuevas obras o instalaciones en las aguas marinas y su lecho, la autorización de esas posibles actuaciones que se ajusten a lo establecido en el artículo 3.3 de la Ley 41/2010, de 29 de diciembre, de protección del medio marino, requerirán un nuevo informe favorable de esta Subdirección General, respecto de su compatibilidad con la estrategia marina de la Demarcación Noratlántica. Para la solicitud de ese informe deberá atenderse a lo dispuesto en el Real Decreto 79/2019, de 22 de febrero, modificado por el Real Decreto 218/2022 de 29 de marzo, por el que se regula el informe de compatibilidad y se establecen los criterios de compatibilidad con las estrategias marinas.

2. La instalación del emisario ocupará la superficie exclusiva para la que se pide la concesión y se evitará la instalación sobre las comunidades de especies incluidas en el Real Decreto 139/2011, de 4 de febrero, para el desarrollo del Listado de Especies Silvestres en Régimen de Protección Especial y del Catálogo Español de Especies Amenazadas. Dichas especies se encuentran sometidas a las medidas de protección establecidas en la Ley 42/2007, de 13 de diciembre, del Patrimonio Natural y de la Biodiversidad, y en particular a las prohibiciones de su artículo 57.

3. Durante la fase de obras se utilizarán las técnicas que generen menor impacto acústico en el medio marino, con el objetivo de no causar molestias a la fauna. No se utilizarán técnica que produzcan ruidos impulsivos.

4. La instalación de emisario debe llevarse a cabo con el control y supervisión por personal especializado, con herramientas apropiadas. De esta manera se debe controlar el punto preciso en el que queda instalado y la traza. De igual manera, la supervisión directa de estas operaciones servirá para evitar el riesgo de afección a especies protegidas de tipo sésil.

5. La gestión de la obra y la explotación del emisario se realizará tomando todas las medidas oportunas y necesarias para garantizar que no se va a producir ningún tipo de contaminación, vertido o colocación de materiales y





sustancias fuera de aquéllos definidos como necesarios para la obra, o llegada de basuras al medio marino.

6. Durante el funcionamiento, el emisario será objeto de un adecuado mantenimiento y vigilancia, que asegure que se encuentra en condiciones adecuadas y que cada una de sus partes conserva las características adecuadas para su función. Para ello será necesario ejecutar inspecciones periódicas, recomendándose una periodicidad anual. En este sentido, sería conveniente también una inspección del emisario después de temporales.

7. Tal y como indica el promotor en la documentación presentada, con una profundidad inferior a los 6,60 m, como ocurre en bajamar, no se podrá realizar la descarga. El vertido de estas aguas residuales industriales depuradas se efectuará durante 9 horas al día y preferentemente durante la pleamar.

8. Seguirán ejecutándose los controles establecidos en el Programa de Vigilancia Ambiental (PVA) asociado a la Autorización de Vertido de la instalación y el control del medio receptor.

Según lo establecido en el artículo 10.1 del Real Decreto 79/2019, de 22 de febrero, este informe tendrá un período de vigencia de cuatro años desde su notificación. Del mismo modo, el artículo 10.3 establece que el período de vigencia del informe concluirá antes de transcurrir cuatro años desde su dictado, cuando se produzca la extinción del título administrativo de ocupación del dominio público marítimo-terrestre o de la autorización o aprobación que ampare la actuación sujeta al informe».

- 10 O 06.05.2024 a Dirección General de la Costa y el Mar emitiu o *"Informe sobre la solicitud de concesión a Conservas Ría de Arosa S.L tramitada por Augas de Galicia, para la ocupación de 411 m² de dominio público marítimo-terrestre con destino a un emisario para fábrica de conservas en el lugar de Postmarcos, Lomba, en el término municipal de A Pobra Do Caramiñal (A Coruña)"*.

O mencionado informe ten carácter favorable á solicitude da concesión. Porén, estableceu como condición previa ao outorgamento da concesión, recabar informe favorable da Dirección Xeral de Ordenación e Xestión dos Recursos Mariños da Consellería de Mar, así como do órgano ambiental da Xunta de Galicia encargado da xestión do THIC 1160 "Grandes bahías y calas poco profundas".

Como consecuencia do anterior, e en cumprimento da condición previa, emitíronse os seguintes informes de carácter favorable:

- Informe do 18.12.2024 da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro da Consellería do Mar.
- Informe do 08.07.2026 da Dirección Xeral de Patrimonio Natural (considerado o órgano ambiental da Xunta de Galicia competente na xestión do THIC 1160 "Grandes bahías y calas poco profundas").





- 11 Con data do 22.11.2024 deuse traslado á mercantil solicitante da oferta de condicións e prescricións pola que procedería outorgarse a concesión de ocupación do DPMT, para a súa aceptación.
- 12 O 27.11.2024 a mercantil Conservas Ría de Arosa, SL, achegou un escrito mediante o cal acepta as condicións e prescricións recollidas no *"Informe sobre la solicitud de concesión para la ocupación de 411 m² de dominio público marítimo-terrestre con destino a un emisario para fábrica de conservas en el lugar de Postmarcos, Lomba, en el término municipal de A Pobra do Caramiñal (A Coruña)"*, asinado pola Dirección General de la Costa y el Mar o 06.05.2024.
- 13 Tras o traspaso de competencias, en cumprimento do Real decreto 394/2025, do 13 de maio, de traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de ordenación e xestión do litoral; e do Decreto 50/2025, do 30 de xuño, polo que a Comunidade Autónoma de Galicia asume as funcións e servizos traspasados pola Administración Xeral do Estado en materia de ordenación e xestión do litoral, o Servizo do Litoral da Departamento Territorial da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático da Coruña continuou coa tramitación do expediente de referencia, conforme á distribución competencial vixente.

III. XUSTIFICACIÓN DA NECESIDADE DE OCUPACIÓN DO DPMT E POSIBLES AFECCIÓNS

1. Necesidade da ocupación

O proxecto solicitado localízase sobre terreos de DPMT, conforme ao deslinde aprobado pola Orde Ministerial do 29 de maio de 2006.

Tal e como se detallou no apartado I.2. desta resolución, o obxectivo do proxecto é a instalación/enterramento dun emisario submarino para fábrica de conservas.

Así as cousas, a actuación solicitada é compatible coa LC e co RXC. Concretamente as actividades que se solicitan son as recollidas no artigo 61 do RXC.

2. Danos posibles ao DPMT

Posto que o ámbito da actuación solicitada é colindante co espazo protexido REDE NATURA 2000 -ZEPA-ES0000554 – Corredor migratorio galaico – cantábrico occidental de competencia estatal, consta no expediente informe da Subdirección General de Biodiversidad Terrestre y Marina, do 18.03.2024, que conclúe que a actuación non terá afección negativa significativa sobre os valores naturais, sempre que se respecten as condicións que nel se establecen.



Ademais, figura no expediente informe da Dirección Xeral de Patrimonio Natural do 08.07.2026 que conclúe que a actividade que se pretende é compatible coa preservación do patrimonio natural e a biodiversidade, posto que non é previsible que xere efectos negativos significativos sobre os valores naturais (hábitats e especies).

Por último, no informe do 18.12.2024 da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro sinálase que non existe constancia de episodios de verteduras nos bancos marisqueiros próximos ás instalacións de Conservas Ría de Arosa, SL, pero se recalca a necesidade de que se cumpra escrupulosamente a normativa de calidade das augas, dada a importancia socioeconómica do marisqueo no entorno das instalacións.

3. Informe de compatibilidade coas estratexias mariñas

De conformidade co artigo 3.3 da Lei 41/2010, do 29 de decembro, de protección de medio mariño: "A autorización de calquera actividade que requira, ben a execución de obras ou instalacións nas augas mariñas, o seu leito ou o seu subsolo, ben a colocación ou depósito de materias sobre o fondo mariño, así como as verteduras reguladas no título IV da presente lei, deberá contar co informe favorable do Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Marino, respecto da compatibilidade da actividade ou vertedura coa estratexia mariña correspondente de conformidade cos criterios que se establezan regulamentariamente".

Dada a natureza da actuación solicitada, solicitouse o preceptivo informe de compatibilidade, que foi emitido o 05.04.2024 pola Subdirección General para la Protección del Mar. No mesmo, conclúese que non se prevén repercusións negativas debidas á instalación da granxa mariña e que a actuación é compatible cos obxectivos da Estrategia Marina de la Demarcación Noratlántica, sempre que se cumpran as condicións establecidas.

IV. CONSIDERACIÓNS RESPECTO DO PRAZO E DO CANON

1. De acordo co artigo 117.1.a do RXC, para as autorizacións de vertido o prazo máximo de vencemento queda limitado a trinta (30) anos. Non obstante, dado que o tubo de vertido e as instalacións da fábrica de conservas, no lugar de Postmarcos, serven a un mesmo fin, e actualmente as instalacións da fábrica contan cunha concesión en vigor ata o 17 de abril de 2033, sendo prorrogable por prazos de 15 anos, ata un máximo de 30 anos desde que se outorgou a concesión; concédese un primeiro prazo de vixencia da concesión ata o 17 de abril de 2033, sendo prorrogable por un prazo de 15 anos como máximo ata o 17 de abril de 2048 para coincidir cos prazos previstos para o resto das instalacións coas que constitúe unha unidade funcional.

2. De conformidade co disposto no informe do 06.05.2024, da Dirección General de la Costa y el Mar, o canon calcularase conforme ao establecido no artigo 181.3 do RXC. Porén, posto que as instalacións de vertido forman xunto coa fábrica de conservas unha única explotación económica, considérase adecuado o emprego do mesmo canon



unitario calculado para aquela concesión, establecido en 1,4 €/m² e ano, mediante Orden Ministerial de 22 de marzo de 2018.

V. FUNDAMENTOS DE DEREITO

1. O artigo 48.1 da Lei 4/2023, do 6 de xullo, de ordenación e xestión integrada do litoral de Galicia (DOG núm. 133, do 13.06.2023), establece que, respectando o réxime xeral establecido na normativa de costas, as autorizacións e concesións do dominio publico marítimo-terrestre serán outorgadas polas consellerías competentes no momento no que se produza o efectivo traspaso de funcións e servizos da Administración xeral do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de ordenación do litoral.

2. Mediante o Real Decreto 394/2025, de 13 de maio, traspasáronse as funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de ordenación e xestión do litoral (BOE núm. 120, do 19.05.2025).

3. De conformidade co disposto no Decreto 50/2025, de 30 de xuño, a Comunidade Autónoma de Galicia asumiu as funcións e os servizos traspasados pola Administración do Estado en materia de ordenación e xestión do litoral (DOG núm. 124, do 01.07.2025).

4. A competencia para resolver a solicitude presentada correspóndelle á Dirección Xeral de Enerxías Renovables e Cambio Climático da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, de conformidade co disposto no artigo 11.1.b) do Decreto 137/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático (DOG núm. 101, do 27.05.2024), modificado polo Decreto 192/2024, do 9 de decembro (DOG núm. 238, do 11.12.2024), e polo Decreto 106/2025, do 11 de novembro (DOG núm. 228, do 25.11.2025); e na disposición transitoria única do Decreto 50/2025, do 30 de xuño, segundo o cal, no ámbito da consellería con competencias en materia de ordenación do litoral, correspóndelles aos servizos provinciais do litoral a tramitación e proposta de resolución dos procedementos de concesión demanial de ocupación no dominio público marítimo-terrestre e á persoa titular da dirección xeral con competencias en materia do litoral a súa resolución.

5. O artigo 32 da Lei 22/1988, do 28 de xullo, de Costas (LC), desenvolvido polo artigo 61 do Regulamento xeral de costas, aprobado polo Real decreto 876/2014, do 10 de outubro (RXC), permite a ocupación do dominio público marítimo-terrestre para aquelas actividades ou instalacións que, pola súa natureza, non poidan ter outra localización.

6. O artigo 31.2 da LC, desenvolvido polo artigo 60 do RXC, sinala que os usos que teñan especiais circunstancias de intensidade, perigosidade ou rendibilidade e os que requiran a execución de obras e instalacións só poderán ampararse na existencia de reserva, adscrición, autorización e concesión, con suxeición ao previsto na LC, noutras especiais, no su caso, e nas normas xerais ou específicas correspondentes, sen que



poda invocarse dereito algún en virtude de usucapión, calquera que sea o tempo transcorrido.

7. O artigo 64 da LC, desenvolvido polos artigos 131 e seguintes do RXC suxeita á previa concesión administrativa toda ocupación do DPMT con obras e instalacións non desmontables. Neste caso se trata da instalación de elementos non desmontables e polo tanto se tramita como unha concesión de ocupación do DPMT.

8. Conforme ao disposto no artigo 135 e 117.1.a) do RXC, e no apartado IV.1 desta resolución, a concesión outórgase por un prazo que finaliza o 17 de abril de 2033, sendo prorrogable por un prazo de 15 anos, como máximo ata 2048.

9. En atención ao sinalado no artigo 36 da LC, nas condicións incorporadas a esta resolución, inclúense todas aquelas medidas correctoras dirixidas a minimizar os posibles danos e prexuízos sobre o DPMT.

10. De acordo co disposto no artigo 42 da LC, para resolver sobre a ocupación ou utilización do DPMT achegárase o proxecto básico no que se fixarán as características das instalacións e obras, a extensión da zona de DPMT a ocupar e as demais especificacións que se determinen regulamentariamente.

A este respecto, a solicitante achegou o proxecto "Proyecto de emisario submarino en Lomba, Pobra do Caramiñal", subscrito polo enxeñeiro técnico de obras públicas David Nacarino Corrales en decembro do 2004; "Informe Técnico sobre la dilución inicial alcanzada por la conducción de desagüe de la factoría Conservas Ría de Arosa S.L. en Punta Gavoteira, A Pobra do Caramiñal, A Coruña" asinado polo enxeñeiro de camiños, canais y portos Ángel Colsa Lloreda en xaneiro de 2010; e "Adenda al proyecto de planta depuradora: segunda fase. Proceso Biológico" datado en outubro de 2009.

11. De conformidade co artigo 70 da LC, as concesións serán inscribibles no Rexistro da Propiedade e, unha vez extinguida a mesma, a inscrición será cancelada de oficio ou a petición do interesado ou da Administración.

12. Segundo o artigo 84 da LC, toda ocupación ou aproveitamento do DPMT en virtude dunha concesión ou autorización, calquera que fora a Administración outorgante, devindicará o correspondente canon en favor da Administración do Estado, sen prexuízo dos que sexan exixibles por aquela, estando obrigados ao pago do canon os titulares das mencionadas concesións e autorizacións.

De conformidade co disposto no apartado C.1. do Acordo de traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de ordenación e xestión do litoral, aprobado polo Real decreto 394/2025, do 13 de maio, a Administración Xeral do Estado se reserva as funcións de fixar o importe dos cánones pola utilización ou aproveitamento do dominio público marítimo terrestre, de exercer a titularidade sobre os dereitos económicos devindicados por estes conceptos, así como recadar os seus importes.



13. O expediente tramitouse de conformidade co establecido no artigo 156 do RXC.

14. Ao tratarse dunha ocupación secundaria e accesoria asociada a unha actividade económica que actualmente conta cun título de ocupación de dominio público marítimo terrestre en vigor, considérase que pode tramitarse o expediente sen necesidade de acudir a un procedemento de concorrencia competitiva previo.

A vista de canto antecede, dado que o proxecto é acorde co disposto na Lei de costas e no Regulamento xeral de costas, xa que se trata dunha instalación/enterramento dun emisario submarino para fábrica de conservas, para cuxa execución resulta xustificada a ocupación de terreos de dominio público marítimo-terrestre, **RESOLVO:**

OUTORGAR a Conservas Ría de Arosa, SL, a concesión para a ocupación de 411 m² de dominio público marítimo-terrestre con destino a un emisario para fábrica de conservas no lugar de Postmarcos, Lomba, no termo municipal da Pobra do Caramiñal (A Coruña), de acordo coas seguintes condicións e prescricións incluídas nesta resolución.

Notifíquese a presente resolución á persoa interesada, coa indicación de que contra a mesma, que non pon fin á vía administrativa, cabe interpoñer un recurso de alzada ante a conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático no prazo dun mes, que se contará desde o día seguinte ao da notificación desta resolución, de conformidade co previsto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE núm. 236, do 02.10.2015).

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

A directora xeral de Enerxías Renovables e Cambio Climático

Paula Uría Traba



CONDICIÓNS XERAIS DA CONCESIÓN

Disposicións xerais

1ª. A presente concesión, que non implica cesión do dominio público nin das facultades dominicais do Estado, outórgase con suxeición ao disposto na Lei 4/2023, do 6 de xullo, de ordenación e xestión integrada do litoral de Galicia, na Lei 22/1988, do 28 de xullo, de Costas (LC), e no Regulamento Xeral de Costas, aprobado polo Real Decreto 876/2014, do 10 de outubro (RXC).

2ª. Esta concesión outórgase polo prazo que se establece nas condicións particulares. O seu cómputo iníciase o día seguinte da data de notificación do outorgamento ao concesionario. As posibles prórrogas axustaranse ao establecido na LC e no RXC.

3ª. As obras realizaranse de acordo co proxecto subscrito por facultativo competente, coas determinacións e modificacións que neste se impoñan. A súa execución levarase a cabo baixo o exclusivo risco e responsabilidade do concesionario, quen deberá designar como director das obras a unha persoa facultativa competente.

4ª. Esta concesión non implica a asunción de responsabilidades pola consellería competente en materia de litoral en relación co proxecto e a execución e explotación das obras e instalacións, tanto respecto a terceiros como ao concesionario.

5ª. O outorgamento desta concesión non exige ao seu titular da obtención dos títulos habilitantes e outras autorizacións que sexan legalmente procedentes, e en particular a de vertido ao mar de augas residuais ou conexión, no seu caso, á rede de saneamento xeral.

6ª. Esta concesión non implica a autorización para levar a cabo actividades auxiliares fóra dos límites da mesma, tales como provisións, almacenamentos ou depósito dos residuos da explotación, nin para facer publicidade audiovisual, salvo aquela que sirva para indicar o título e uso da concesión, previa conformidade do Servizo do Litoral correspondente.

7ª. O concesionario queda obrigado a instalar e conservar ás súas expensas a sinalización terrestre provisional durante as obras, así como a definitiva, que deberá incluír a dos accesos e zonas de uso público.

8ª. O concesionario queda obrigado a presentar o título desta concesión dentro do prazo de trinta (30) días, contados desde o seguinte á notificación do outorgamento, na Oficina liquidadora que corresponda, a efectos de satisfacer, se procede, o Imposto Xeral sobre Transmisións Patrimoniais e Actos Xurídicos Documentados, conforme ao texto refundido do devandito imposto, actualmente vixente, e a entregar o xustificante no Servizo do Litoral correspondente.



Así mesmo, no mesmo prazo, deberá entregarse a documentación que acredite a constitución, se procede, na Caixa Xeral de Depósitos da Xunta de Galicia (na Consellería de Facenda ou nas Delegacións Provinciais da ATRIGA), da fianza definitiva equivalente ao cinco por cento (5%) do orzamento total das obras e instalacións a realizar no dominio público.

9ª. O concesionario queda obrigado a repoñer e conservar os fitos do deslinde aos que estea referida a concesión, na forma que se lle indique polo Servizo do Litoral correspondente.

10ª. O concesionario será responsable dos danos e prexuízos que poidan causar as obras autorizadas, directa ou indirectamente, nas praias e costas inmediatas ou próximas, a xuízo do Servizo do Litoral correspondente, debendo presentar para estes efectos, e no prazo que se lle sinale, o proxecto que comprenda as obras necesarias, que deberá realizar ás súas expensas, a fin de reparar os danos causados polas mesmas. Unha vez aceptado o devandito proxecto polo órgano competente en materia de litoral, o concesionario realizará as obras no prazo que se lle indique.

Canons, taxas e gastos

11ª. A Administración Xeral do Estado resérvase as funcións de fixar o importe dos canons pola utilización ou aproveitamento do dominio público marítimo-terrestre e de exercer a titularidade sobre os dereitos económicos devindicados pola utilización ou aproveitamento do dominio público marítimo-terrestre, sen prexuízo da competencia da Comunidade Autónoma de Galicia para establecer outros canons por explotación de actividade.

Previamente ao comezo das actuacións, o solicitante deberá dirixirse ao órgano competente da Administración do Estado (Demarcación de Costas de Galicia ou Servizo Provincial de Costas correspondente do Ministerio para la Transición Ecolóxica y el Reto Demográfico) para a liquidación e abono do canon correspondente pola ocupación do dominio público marítimo terrestre, en virtude do establecido nos artigos 181 e 182 do RXC e deberá entregar o xustificante no Servizo do Litoral correspondente.

As Comunidades Autónomas, as entidades locais e as entidades de dereito público dependentes delas, están exentas do pago do canon de ocupación nas concesións que se lles outorguen para o exercicio das súas competencias, sempre que as mesmas non sexan obxecto de explotación lucrativa.

Reformulo das obras

12ª. O concesionario solicitará ao Servizo do Litoral provincial correspondente, coa suficiente antelación para que as obras poidan comezarse dentro do prazo, a comprobación do reformulo das mesmas, que se practicará coa asistencia do concesionario e do director de obra, levantándose acta e planos xeral e de detalle,



correspondendo ao órgano competente en materia de litoral a súa aprobación, se procede.

Nos devanditos planos deberán representarse, polo menos, coas suficientes referencias fixas:

- a) O deslinde do dominio público (liñas interior e exterior da zona marítimo-terrestre e, no seu caso, liña de praia ou doutras pertenzas do dominio público marítimo-terrestre).
- b) No seu caso, os accesos públicos ao dominio público marítimo ata a súa conexión con viais públicos.
- c) O dominio público en concesión e a súa ocupación coas obras do proxecto, así como todas aquelas seccións que sexan necesarias para a súa definición.
- d) As zonas de distinto uso, público e privado.
- e) As zonas que, polas súas diferentes valoracións deban satisfacer distintos canones.
- f) Tanto na acta como nos planos, consignaranse as medicións das superficies mencionadas e o seu carácter.

Execución das obras

13ª. O concesionario dará comezo ás obras e as terminará dentro dos prazos que se sinalan nas condicións particulares.

14ª. O concesionario non poderá ocupar, para a execución das obras, espazo algún do dominio público fóra do autorizado especialmente para iso polo Servizo do Litoral correspondente.

15ª. Se transcorrido o prazo sinalado para o comezo das obras, estas non se iniciaron e o concesionario non solicitase a prórroga daquel, a Administración poderá declarar, sen máis trámite, resolta ou anulada a concesión, quedando a favor da Administración Autonómica a fianza constituída.

16ª. O Servizo do Litoral provincial correspondente poderá inspeccionar en todo momento a execución das obras, para comprobar se as mesmas se axustan ao proxecto en base ao cal se outorgou a concesión. Se apreciase a existencia de desviacións en relación co mesmo, ordenará a paralización das obras na forma establecida polo artigo 103 da LC, incoando, no seu caso, os expedientes que correspondan e, en particular, o de caducidade cando as modificacións sexan de sensible importancia.

17ª. Se o concesionario incumprise o prazo de terminación das obras sen solicitar a prórroga do mesmo, será potestativo do órgano competente concederlle unha prórroga do devandito prazo, con posibilidade dunha sanción de ata o dez por cento (10%) do orzamento total das obras, ou incoar o expediente de caducidade da concesión. Se se concedese a dita prórroga, a mesma será a última que poderá



outorgarse nestas condicións, polo que un novo incumprimento levará necesariamente á incoación do expediente de caducidade da concesión.

18ª. Se o concesionario, antes de terminar as obras e instalacións, renunciase total ou parcialmente á concesión, perderá a fianza constituída, a menos que demostrase que a renuncia foi motivada pola denegación, por parte doutros organismos oficiais, dos títulos habilitantes, permisos ou outras autorizacións necesarias. Ademais, salvo decisión contraria do órgano competente, quedará obrigado a levantar as obras e instalacións á súa costa, deixando o terreo da concesión libre de toda ocupación, no prazo que se lle sinala.

Recoñecemento das obras

19ª. Unha vez terminadas as obras, o concesionario presentará o certificado final da obra, subscrito polo seu director e visado polo seu colexio profesional, no que deberán estar incluídas todas as obras, mesmo, no seu caso, as correspondentes á vertedura de augas residuais ao mar, e solicitará ao Servizo do Litoral provincial correspondente o recoñecemento final das mesmas, que se practicará coa asistencia do concesionario e do seu director de obra, levantándose acta e planos cos mesmos requisitos que os de reformulo. O incumprimento desta condición levará necesariamente á incoación do expediente de caducidade da concesión.

20ª. A fianza definitiva devolverase ao concesionario ao ano de ser aprobados polo órgano competente a acta e os planos de recoñecemento final das obras. As ditas obras substituirán entón á fianza e responderán do cumprimento das cláusulas desta concesión, cando fose procedente.

Conservación das obras

21ª. O concesionario queda obrigado a conservar e manter as obras e os terreos concedidos en perfecto estado de utilización, mesmo desde os puntos de vista de limpeza, de hixiene e de estética, realizando ao seu cargo os traballos de conservación e mantemento e cantas reparacións sexan precisas para iso. Cando estas teñan o carácter de gran reparación, o concesionario deberá presentar previamente, para a súa aceptación, no seu caso, pola Administración, o proxecto correspondente.

22ª. O Servizo do Litoral correspondente poderá inspeccionar en todo momento o estado de conservación e mantemento das obras e terreos concedidos e sinalar as reparacións e outras accións que deban realizarse para o cumprimento dos termos da concesión, quedando obrigado o concesionario a executalas no prazo que se lle indique e na forma establecida na anterior condición. Se o concesionario non realizase estas actuacións no prazo establecido, o órgano competente da Administración Autonómica poderá impoñerlle unha sanción económica que non exceda do 10% do orzamento total das obras autorizadas, concedéndolle un novo prazo de execución. Se o concesionario non executase as reparacións neste novo prazo, incoarase o expediente de caducidade da concesión.



23ª. A destrución de todas ou da maior parte das obras autorizadas por medio de concesión, sempre que se deba a causas de forza maior, dará dereito ao concesionario a optar entre a renuncia á concesión sen dereito a indemnización algunha e coa obrigación de demoler e retirar os restos das obras, ou a reconstrución ás súas expensas das mesmas no prazo que se lle sinala polo órgano competente. Se a destrución ocorre por dolo ou culpa do concesionario ou persoas que del dependan, a opción anterior corresponderá ao órgano competente, aínda que no caso de que o concesionario non presente a renuncia á concesión, instruírase o expediente de caducidade da mesma.

24ª. Se o concesionario, unha vez terminadas as obras e aprobada a acta de recoñecemento final das mesmas, renunciase total ou parcialmente á concesión, quedará obrigado, de acordo co que se determine polo órgano competente da Administración Autonómica a entregar as obras e instalacións ao dominio público estatal ou levantalas á súa costa, deixando neste último caso o terreo total ou parcialmente libre de ocupación.

Uso e explotación

25ª. O concesionario non poderá destinar os terreos de dominio público concedidos, nin as obras neles executadas, a usos distintos dos expresados na concesión.

26ª. Salvo que as condicións particulares sinalasen outro prazo distinto, a falta de utilización durante o período dun ano das obras e bens de dominio público concedidos, levará necesariamente á incoación do expediente de caducidade da concesión, a non ser que obedeza a xusta causa.

27ª. Cando pola importancia e natureza da concesión, así se esixa nas condicións particulares, o concesionario quedará obrigado a designar un Director de explotación, que deberá ser un facultativo competente por razón da materia, cuxo nomeamento se acreditará ante o Servizo do Litoral correspondente.

Asemade, naqueles casos que así se esixa nas condicións particulares, o concesionario deberá presentar, para a súa aceptación pola Administración, as tarifas máximas a abonar polo público como consecuencia da explotación das obras e instalacións.

28ª. Se durante a vixencia da concesión se advertise a realización de obras ou usos non amparados pola mesma, o Servizo do Litoral correspondente ordenará, respectivamente, a súa paralización ou suspensión, na forma e cos efectos previstos no artigo 103 da Lei de costas. Se as infraccións cometidas, fosen de importancia notoria, incoarase, así mesmo, expediente de caducidade da concesión.



Transferencia

29ª. A transferencia das concesións axustarase ao establecido no artigo 70.2 da Lei de costas.

Outras disposicións

30ª. O concesionario estará obrigado a cumprir as disposicións vixentes ou que en diante se diten, que afecten ao dominio público concedido e ás obras e actividades que no mesmo se desenvolvan, especialmente as correspondentes á ordenación do dominio marítimo, e á Lei de zonas e instalacións de interese para a defensa nacional, sen que as que se executen nin o seu uso poida ser obstáculo para o exercicio das servidumes de tránsito, protección e acceso ao mar.

Rescate

31ª. Se os terreos de dominio público obxecto da concesión fosen necesarios, total ou parcialmente, para a realización de actividades ou execución de obras declaradas de utilidade pública e para levalas a cabo fose necesario utilizar ou demoler, en todo ou en parte, os terreos ou obras da concesión, a Administración poderá proceder ao rescate da mesma antes do seu vencemento.

Para ese efecto incoarase o expediente de rescate da concesión, no que se dará audiencia ao concesionario, cumpríndose, ademais, todos os trámites que establece a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e demais disposicións que sexan de aplicación.

A valoración do rescate efectuarase conforme ao establecido no artigo 89 da Lei de costas. O concesionario poderá ademais, retirar libremente aqueles elementos existentes na concesión que non fosen relacionados na acta de recoñecemento final e non estean unidos de maneira fixa ao inmovible, sempre que con iso non se produzan quebrantamento nin deterioración do mesmo, salvo que a Administración decida tamén o seu rescate.

Se as obras se atopasen deterioradas, determinarase pola Administración o orzamento dos gastos necesarios para deixalas en bo estado, o cal se notificará ao concesionario antes de ser aprobado. O seu importe rebaixarase da taxación, e a diferenza que resulte será a cantidade que se abone ao concesionario.

A Administración Xeral do Estado resérvase a función de rescate das concesións demaniais cando a presenza dunha razón de interese xeral vinculada ao seu ámbito de competencias así o esixa.



Revogación

32ª. Cando sen intervención da Administración, varíen os supostos físicos sobre os que se outorgou a concesión, a Administración poderá modificar ou declarar resolta a mesma en función das variacións ocorridas e normativa aplicable, sen que o concesionario teña dereito a indemnización.

Vencemento do prazo concesional

33ª. Cando por vencemento do prazo concesional se produza a reversión, quedarán extinguidos automaticamente, sen necesidade de declaración expresa, os dereitos reais ou persoais que puidesen ostentar terceiras persoas sobre o dominio público concedido e as obras e instalacións obxecto da concesión. Tampouco asumirá a Administración os contratos de traballo que puidese concertar o concesionario para o exercicio da súa actividade empresarial, sen que, por tanto, poida en forma algunha entenderse que a reversión implica a substitución de empresa prevista na lexislación laboral vixente.

34ª. Terminado o prazo concesional, reverterán ao dominio público estatal os terreos, obras e instalacións obxecto da concesión, estando obrigado o concesionario, ás súas expensas, á demolición e retirada das devanditas obras e instalacións, parcial ou totalmente, mesmo con reposición do terreo ao seu anterior estado, no prazo que se lle sinale e sen dereito a indemnización ningunha, excepto no caso de que a Administración durante o prazo de tantos meses, antes do vencemento do prazo concesional, como anos teña o mesmo, de propia iniciativa ou a pedimento do concesionario, declare que, dado que se mantén o interese público das obras e instalacións, proceda ao seu mantemento para continuar a súa explotación na forma que se determine.

O concesionario poderá retirar aqueles elementos que non figuren na acta de recoñecemento final levantada conforme establece a anterior condición, sempre que non estean unidos de maneira fixa ao inmovble e con iso non se produza quebrantamento nin deterioración do mesmo, se a Administración non decide tamén a súa adquisición.

Da recepción pola Administración dos bens revertidos, levantarase a correspondente acta en presenza do concesionario, se comparecese. Na acta apuntarase o cumprimento polo concesionario da obriga de repor o terreo ao seu anterior estado ou, no caso de que a Administración optase polo mantemento das obras e instalacións, o estado de conservación das mesmas, especificándose as deterioracións que presenten. Neste último caso, a acta servirá de base para instruír o correspondente expediente, no que se indicará ao concesionario o conxunto das reparacións necesarias a executar ao seu cargo no prazo que se lle sinale.



Procedemento sancionador, caducidade e constrinximento

35ª. O incumprimento total ou parcial das condicións e prescricións impostas na concesión dará lugar á incoación do correspondente expediente sancionador por infracción contemplada na LC, sen prexuízo de que, cando a xuízo da Administración, a infracción puidese ser constitutiva de delito ou falta, esta pasará o tanto de culpa á xurisdición competente.

Así mesmo, o devandito incumprimento poderá ser causa de caducidade da concesión, especialmente, cando existan reiteradas infraccións dunha ou varias condicións.

36ª. A declaración de caducidade suporá a perda da fianza ou fianzas constituídas, no caso de que aínda non se devolvan, podendo levar aparellada, a criterio do órgano competente, a demolición e retirada das obras e instalacións, parcial ou total, a cargo do concesionario, mesmo con reposición do terreo ao seu anterior estado, no prazo que se lle sinala e sen dereito a indemnización algunha.

A tramitación do expediente de caducidade realizarase con independencia da incoación do procedemento sancionador que proceda.

37ª. Cando o concesionario obrigado a iso non leve a cabo as accións que o órgano competente lle ordene, en aplicación das condicións correspondentes, este, de conformidade co artigo 110 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común, poderá executalas subsidiariamente, sendo o importe dos gastos, así como dos danos e prexuízos, a cargo do concesionario.

38ª. Se, en virtude das actuacións practicadas, o concesionario tivera que satisfacer á Administración cantidade líquida, en caso de falta de pagamento, seguirase o procedemento de constrinximento correspondente.



CONDICIÓNS PARTICULARES DA CONCESIÓN E PRESCRICIÓNS

1. Condicións particulares

1ª. Esta concesión outórgase por un prazo que finaliza o 17 de abril de 2033, de acordo co establecido nas consideracións IV desta resolución. O prazo comenzará a contar o día seguinte ao da notificación ao concesionario da resolución de outorgamento (condición 2ª das condicións xerais). Será prorrogable por un prazo máximo de 15 anos, ata o 2048.

2ª. As actuacións que se outorgan na presente concesión son as incluídas nos documentos "Proyecto de emisario submarino en Lomba, Pobra do Caramiñal", suscrito polo enxeñeiro técnico de obras públicas, David Nacarino Corrales en decembro de 2004; no "Informe Técnico sobre la dilución inicial alcanzada por la conducción de desagüe de la factoría Conservas Ría de Arosa, SL en Punta Gavoteira, A Pobra do Caramiñal, A Coruña" suscrito polo enxeñeiro de camiños, canais e portos Ángel Colsa Lloreda en xaneiro de 2010, e na "Adenda al proyecto de planta depuradora: segunda fase. Proceso biológico", de outubro de 2009.

3ª. En canto ao canon, tal e como dispón o Informe da Subdirección General de Dominio Público Marítimo-Terrestre do 06.05.2024, o concesionario aboará no Tesouro Público o importe correspondente ao canon, calculado a razón dun euro con corenta céntimos (1,40) por metro cadrado e ano da superficie de dominio público marítimo-terrestre outorgada nesta concesión, debendo achegar os correspondentes xustificantes de pagamento na Demarcación de Costas de Galicia.

O canon revisarase periodicamente na medida en que aumente ou diminúa o valor dos sumandos que serviron para determinar a súa base de liquidación.

O pagamento desta taxa acomodarse ao previsto na Lei 8/1989, do 13 de abril, de taxas e prezos públicos, e disposicións que a desenvolvan.

4ª. O concesionario dará comezo ás obras dentro do prazo máximo de doce (12) meses, debendo quedar totalmente terminadas no prazo de vinte e catro (24) meses.

5ª. O concesionario está obrigado a constituír a fianza definitiva do 5% do orzamento das obras, á que se refire o artigo 88.2 da Lei de costas.

2. Prescricións

A. A utilización do dominio público marítimo-terrestre outorgado en concesión será de carácter xeral e público.

B. Deberá quedar garantida, en todo caso, a servidume de tránsito que contempla a lexislación de costas, adecuando os medios necesarios para manter a mesma.



C. De conformidade coa disposición adicional quinta da Lei de costas, esta concesión autoriza exclusivamente a ocupación do dominio público marítimo-terrestre afectado polo proxecto e non prexulga o resultado da concesión de funcionamento o servizo ou calquera outro título necesario, con arranxo á lexislación sectorial aplicable, na que se deberán valorar tamén os efectos medioambientais da actividade proposta. A estes efectos, deberá considerarse que a concesión de ocupación do dominio público marítimo-terrestre quedará automaticamente extinguida no caso de que quede sen efecto a Autorización de Vertido outorgada pola Axencia de Augas de Galicia.

D. O concesionario deberá cumprir o sinalado polos organismos oficiais que informaron o proxecto e o que, no seu caso, estableza a tramitación ambiental, entre as que se atopan as condicións baixo as que se emitiron os informes do 18 de marzo de 2024 da Subdirección General de Biodiversidad Terrestre y Marina, e do 5 de abril de 2024 da Subdirección General para la Protección del Mar. Considéranse incluídas nas presentes prescricións as condicións establecidas ao respecto polos organismos consultados.

E. O outorgamento desta concesión non exime ao seu titular da obtención das licenzas, permisos e autorizacións legalmente procedentes. De conformidade coa disposición adicional quinta da Lei de costas, esta concesión autoriza exclusivamente a ocupación do dominio público marítimo-terrestre afectado polo proxecto e non prexulga o resultado da concesión de funcionamento ou servizo, cuxo outorgamento corresponde á Comunidade Autónoma, con arranxo á lexislación sectorial aplicable, na que se deberán valorar os efectos medioambientais da actividade proposta.

F. Advírtese expresamente que a zona sobre a que está previsto situar as instalacións pode ser inundable pola súa propia natureza, polo que o concesionario asume todos os riscos e danos derivados, tanto para as instalacións como para os seus usuarios, do devandito emprazamento e da súa proximidade ao mar, debendo establecer as medidas de seguridade e vixilancia oportunas.

G. En relación coa realización das obras, deberase ter en conta o seguinte:

1. Non se permitirá ningún tipo de vertedura ao dominio público marítimo-terrestre nin á zona de servidume de protección, de terras, entullos ou materiais ou produtos xerados pola obra, que non conte coa debida autorización, debendo establecer as medidas oportunas para corrixir os impactos xerados durante a fase de execución da obra ou instalación da ocupación.
2. Para a execución das obras non se poderá ocupar espazo algún do dominio público marítimo-terrestre fóra do autorizado especialmente para iso. Non se permitirán as anotacións de paso público, as casetas e contedores non autorizados, nin o almacenamento exterior de provisións, ou depósitos dos residuos da explotación.





3. Realizada a instalación e á vista da súa posible afección ao litoral, o concesionario estará obrigado a modificar a posición desta no que resulte necesario, e mesmo ao seu desmonte e retirada á súa costa, antes do vencemento da concesión.

4. Tanto a explotación como o proceso construtivo deberanse levar a cabo utilizando as mellores técnicas dispoñibles, de forma que o impacto ambiental se reduza ao mínimo. En todo caso, deberán seguirse as instrucións que respecto diso se diten polos órganos competentes.

5. En concreto, se para a execución das obras fose necesario escavar na rocha, a escavación levarase a cabo por procedementos mecánicos que non impliquen uso de explosivos, os cales expresamente se prohiben.

6. O concesionario será responsable de todos os danos e prexuízos para as persoas, as cousas e o medio ambiente que se poidan derivar, directa ou indirectamente, da realización das obras ou da actividade, na mar, no seu leito e subsolo, e en xeral, nos bens de dominio público marítimo-terrestre, debendo presentar para estes efectos, no prazo que se sinala, o proxecto que comprenda as obras necesarias, que deberá realizar ás súas expensas a fin de reparar os danos causados.

7. Unha vez finalizadas as obras, o concesionario deberá realizar unha campaña de limpeza, eliminando a totalidade de restos da obra e dos materiais empregados na súa execución. Así mesmo, deberá conservar as obras en bo estado e repara os danos que se produzan como consecuencia da ondada ou outros.

8. Todas as consideracións anteriores, así como calquera incidencia no medio ambiente que poida xurdir no proceso de execución das obras, serán analizadas no recoñecemento final das mesmas polo Servizo do Litoral, que deberá subscribir a acta e plano que se levanten, ben de conformidade ou, no seu caso, con reparos. Un exemplar da devandita acta e plano, unha vez aprobadas, deberá remitirse a Dirección Xeral de Enerxías Renovables e Cambio Climático. Na acta de recoñecemento final das obras e no plano, deberá determinarse e representarse a ocupación do dominio público marítimo-terrestre outorgado en concesión, xeorreferenciándose todos os vértices do perímetro de ocupación en coordenadas UTM ETRS89, así como todas aquelas seccións que sexan necesarias para a súa definición. Tanto na acta como nos planos, consignaranse as medicións das superficies ocupadas. No caso de que sexa necesario, debido ao impacto producido polo establecemento e implantación das instalacións, esixirase un proxecto de acondicionamento e mellora da contorna ambiental. Neste caso, a explotación non comezará ata a execución do correspondente proxecto.

9. O concesionario deberá comunicar á Capitanía Marítima correspondente da Dirección General de la Marina Mercante e ao Instituto Hidrográfico de la





Marina, as datas de comezo e terminación das obras, aos efectos de incluír a correspondente información nas Cartas de Navegación y Avisos a los Navegantes. As ditas datas de comezo e terminación das obras deberán ser comunicadas tamén á Autoridade Portuaria correspondente con obxecto de realizar o seguimento e comprobación do balizamento.

10. Unha vez realizados os traballos, deberá igualmente o concesionario comunicar a situación real dos mesmos á Dirección General de la Marina Mercante e ao Instituto Hidrográfico de la Marina, aos efectos citados na condición anterior. Tamén se comunicará calquera variación na situación dos elementos o nas sondas dos mesmos

H. O incumprimento de calquera das anteriores prescricións ou dos casos indicados no artigo 79 da LC darán lugar á caducidade da concesión con independencia da tramitación do expediente sancionador que corresponda.

